

**prensa@xornalgalicia.com**

---

**De:** "Xoan Sande" <xoansande@gmail.com>  
**Fecha:** miércoles, 20 de febrero de 2019 8:00  
**Para:** "undisclosed-recipients:"  
**Adjuntar:** convenio centro sociocomunitario Caión.pdf; addenda convenio centro sociocomunitario Caión.pdf; certificación pagamento 1ª anualidade convenio.pdf; Xunta de Goberno solicitude subvención GALP.pdf; denegación axuda GALP 3.pdf; anuncio desistimento licitación centro comunicario Caión.pdf  
**Asunto:** Fwd: nota de prensa BNG da Laracha

## **O CONCELLO DA LARACHA ANULA A LICITACIÓN DO CENTRO COMUNITARIO DE CAIÓN POR ERROS NO PROXECTO**

### **MOITAS SOMBRAS NO LONGO HISTORIAL DE TRAMITACIÓN DUN CENTRO SOCIOCOMUNITARIO PARA CAIÓN**

O pasado mes de xaneiro anunciaba o concello da Laracha a adjudicación da execución do proxecto de construción do centro comunitario de Caión. **Agora resulta que o goberno municipal vese na obriga de desistir desa licitación por erros no estudo xeotécnico e no proxecto.** Pero antes deste último intento existe unha longa tramitación con moitas sombras e diferentes proxectos durante varios anos para a construción, primeiro do centro sociocomunicario de Caión e despois o centro comunitario Costa da Morte de Caión, ata chegarmos agora a este último proxecto de centro comunitario.

Á marxe desta actuación en concreto que leva dado tantos bandazos, ou do proxecto para o frustrado campo de fútbol que se ía construír en Xermaña, cómpre preguntar ao goberno municipal do PP da Laracha **cantos proxectos se levan encargado e pagado por parte do concello da Laracha, case todos ao mesmo estudo de arquitectura, que non foron executados?**

Con respecto ao agora proxecto de centro comunitario de Caión (antes centro sociocomunitario de Caión e centro comunitario Costa da Morte) exponse a continuación un resumo da traxectoria ata chegarmos a este punto, onde se poñen en evidencia as dúbidas xeradas e as sombras que cubren toda esta tramitación:

1º.- No ano 2016 o concello da Laracha asina un convenio co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para a construción dun centro sociocomunitario en Caión. Mediante este convenio a consellería aportaría cantidades económicas nas anualidades 2016, 2017 e 2018 para a construción do devandito centro. O concello chegou a recibir a cantidade correspondente á primeira anualidade (15.000 euros), non sabemos en concepto de que. A data de finalización do convenio foi o 31/12/2018, sen que se fixese absolutamente nada.

2º.- Apróbbase unha addenda a este convenio pola que se modifica o nome do centro, pasando a chamarse centro comunitario Costa da Morte.

3º.- Hai unha certificación que acredita que o Consorcio entregou ao concello da Laracha a cantidade de 14.999,99 euros (o correspondente á primeira anualidade do convenio, 2016, que son 15.000 euros). Como se di no punto 1º, non se fixo a día de hoxe absolutamente nada do devandito centro.

4º.- O concello preséntase á convocatoria do GALP 3 solicitando financiación para a construción do centro comunitario Costa da Morte (acta Xunta de Goberno onde se dá conta da avocación da competencia por parte do alcalde para a solicitude desa axuda).

5º.- A Consellería do Mar denega a axuda do GALP 3 ao concello da Laracha por non acreditar a titularidade do terreo onde pretende construírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6º.- O concello da Laracha adjudica o proxecto para a construción do centro comunitario de Caión.

7º.- O concello da Laracha desiste da licitación, polo que se anula a adjudicación da construción do centro comunitario de Caión.

Son moitos os bandazos dados ao longo do tempo e moitas as dúbidas e as sombras sobre toda esta tramitación. Todo o que ten acontecido cos terreos destinatarios desta infraestrutura, onde era o antigo campo de fútbol da Ínsua, e todo o proceso anteriormente descrito, está a xerar moita incertidume na veciñanza de Caión.

Adxúntase a seguinte documentación: Convenio co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, addenda ao Convenio, certificación pagamento 1ª anualidade do convenio non executado, acta da Xunta de Goberno onde no punto 2 se dá conta

da avocación da competencia por parte do Alcalde para solicitar a axuda do GALP 3, xustificación da solicitude de financiación ao GALP 3, denegación da axuda por parte da Consellería do Mar, anuncio no que o concello da Laracha desiste da licitación do centro comunitario de Caión.

Reciban un cordial saúdo

A Laracha, 20 de febreiro de 2019

Xoán M. Sande Muñiz, Portavoz do Grupo Municipal do BNG da Laracha